

PROPOSTA DE REFORMA DO PLAN DE MEDIDAS FACILITADORAS DA XUBILACIÓN VOLUNTARIA DO PROFESORADO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Con data 9 de maio de 2005 o Consello de Goberno da Universidade de Vigo aprobou as *“Medidas facilitadoras para a xubilación voluntaria do profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios”*.

Na Universidade de Vigo, as condicións para que o profesorado en servizo activo dos corpos docentes universitarios optara pola posibilidade aberta por estas medidas, reducíanse ao cumprimento das condicións e requisitos esixidos na lexislación vixente para poder acceder á xubilación voluntaria. O profesorado funcionario que se acollera a estas medidas tiña garantidas, ata a idade da xubilación forzosa (70 anos), as mesmas condicións económicas que viña disfrutando, xa que as medidas concretábanse nunha indemnización anual, actualizable, dunha contía igual á diferenza entre a pensión máxima contributiva (na actualidade 34.526 euros) e os haberes que percibía o profesor ou profesora no ano en que se acollía ao plan (exceptuados os derivados dos cargos académicos).

A diferenza doutras universidades, a de Vigo non limitou a indemnización a unha porcentaxe dos haberes que se viñan percibindo nin adoptou unha escala crecente pola que aqueles que optaban por retirarse voluntariamente nos primeiros anos da sesentena recibirían un importe menor. Tampouco se tomou ningunha medida para restrinxir o número de persoas por ano que se podían acoller ao plan.

As aprobacións dos plans facilitadores das xubilacións voluntarias do profesorado foron aprobados como un mecanismo para incentivar a renovación dos cadros de persoal docente e investigador das universidades españolas, nun momento de bonanza económica. Na actualidade, cando xa se ten acumulado a experiencia de máis dun lustro de aplicación e cando a situación económica xeral ten mudado dun xeito substancial, é o momento de redefinir as medidas aplicadas ata o momento, ao obxecto de adecualas á situación económica e social actual que esixe un axuste e unha disciplina financeira máis rigorosa que en anos precedentes.

Hoxe en día, cando se ten aprobado unha reforma do sistema de pensións que alonga o período de vida activa e endurece as condicións para o acceso á pensión completa (máis anos de cotización), pode non ser entendible, socialmente, que se manteñan medidas que foron pensadas noutro contexto e que significan melloras, moi substanciais, sobre ás condicións de retiro voluntario da xeneralidade dos traballadores, e en concreto dos traballadores públicos.

Así pois, o Consello de Goberno, na sesión do 21 de xullo de 2011, acorda manter un plan de medidas facilitadoras da xubilación do profesorado como un mecanismo para incentivar a renovación e contribuír ao reequilibrio dos cadros de persoal e aproba a reformulación do plan de xubilación voluntaria do profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios da Universidade de Vigo, nos seguintes termos:

- 1.- O acceso ao plan só será posible cando o/a interesado/a teña cumpridos os 63 anos.
- 2.- A indemnización a percibir con carácter anual e actualizable na mesma medida que os salarios do persoal docente e investigador en situación de actividade será a diferenza entre a pensión máxima contributiva fixada na corresponde lei de orzamentos xerais do Estado e as retribucións brutas anuais que corresponderían ao/á profesor/a (excluídas as percepcións por cargos académicos) para o ano no que se produza a xubilación, aplicándolle ás mesmas un coeficiente redutor en función da idade á que se produza a xubilación voluntaria, segundo a seguinte táboa (*):

Idade	Coeficiente aplicado
63, 64	80%
65, 66	82,50%
67, 68	85%
69	90%

As condicións relativas á actualización anual (derivadas das variacións tanto da pensión máxima contributiva como das retribucións) serán as mesmas que na actualidade. A data de efectos da xubilación será a do día 31 de agosto do ano que corresponda

(*) A título de exemplo, o profesorado que opte por retirarse aos 65 anos e viñera percibindo un salario total de 58.000 euros, aplicando o plan percibiría ata os 70 anos:
 $58.000 \times 0,825 = 47.850$ euros anuais, dos cales 34.526 procederían da pensión contributiva que lle correspondería, tendo cotizados as anos esixidos legalmente, e 13.324 euros serían aportados, en forma de indemnización, pola Universidade de Vigo, nas mesmas condicións que na actualidade.